



**INSTRUCCIÓN SOBRE XORNADA E DÍAS DE PERMISO PARA ASUNTOS PERSOAIS SEN XUSTIFICACIÓN (APLICACIÓN DA LEI 15/2014, DO 16 DE SETEMBRO, QUE MODIFICA O ARTIGO 48.k DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL, DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO).**

A Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa (BOE do 17 de setembro), modificou o apartado k do artigo 48 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, incorporando a posibilidade de desfrutar cinco días ao ano de permiso por asuntos particulares.

Como directa consecuencia do anterior, prodúcese unha modificación da xornada anual efectiva do persoal estatutario, o que debe reflectirse pola súa vez nos calendarios de traballo elaborados consonte á programación funcional de cada centro.

As medidas que se establecen nesta instrución responden á aplicación ponderada dos seguintes principios:

- A necesaria adaptación aos diferentes supostos de regulación de xornada existentes nas institucións sanitarias.
- O tratamento igualitario na aplicación da decisión do lexislador estatal de establecer en catro, para todo o persoal empregado público, o número de días de permiso para asuntos persoais sen xustificación.

Con base nestes principios aplícanse as medidas que a seguir se indican:

- 1) Para os colectivos que teñan asignada unha xornada en cómputo semanal de 37,5 horas ou de 40 horas, segundo os casos, aplicarase directamente o desfrute de cinco días de permiso para asuntos persoais sen xustificación.



2) Para os colectivos que teñan asignada unha xornada anual efectiva trasladaranse os cinco días para asuntos persoais sen xustificación –xeral para todos os empregados públicos– a termos de xornada ordinaria anual efectiva.

En consecuencia, por aplicación da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, as xornadas ordinarias máis reducidas en función da nocturnidade quedan fixadas en 1458 horas (na práctica, 1450 horas correspondentes a 145 módulos). É o caso do persoal médico e diplomado en enfermería dos Puntos de Atención Continuada, determinado persoal médico de urxencias hospitalarias e quendas fixas de noite do persoal sometido ao Acordo de Concertación Social de 2001. Esta nova xornada mínima ordinaria de prestación efectiva continuará a ser a base para a determinación da xornada complementaria, de ser o caso.

3) O devandito incremento anual efectivo proxectarase sobre calquera fórmula ou sistema de liquidación e/ou cómputo de retribucións, ou xornada, que teña como unha das súas variables de cálculo a xornada ordinaria anual efectiva.

4) Así, no caso do Acordo de Concertación Social de 2001, as fórmulas aplicables para a determinación da xornada anual efectiva pasarán a ser as seguintes, tendo en conta que a xornada anual efectiva correspondente á quenda fixa diúrna e á quenda rotatoria simple pasa a ser de 1652 horas e a correspondente á quenda fixa nocturna pasa a ser de 1458 horas:

4.1.- Determinación de xornada efectiva para os profesionais con vínculos de duración igual ou inferior aos 31 días:  $X(D) = 1652 * D / 330$ .

4.2.- Determinación de xornada efectiva para os profesionais con vínculos de natureza eventual superiores aos 31 días que realicen módulos de noite:





Suposto xeral.  $X(D) = 1648 \cdot D / 330 - 3 \cdot N(D)$ .

Suposto excepcional (proxección anual de noites superior a 63).  $X(D) = 1458 \cdot D / 330$ .

4.3.- Adecuación da táboa para persoal estable e período de vinculación superior a un ano natural, orixinariamente baseada na fórmula  $X=1620-3N$ :

NÚMERO DE NOITES	NÚMERO DE MAÑÁS/TARDES	XORNADA QUE SE DEBE REALIZAR
0	236	1.652
1	234	1.648
2	232	1.644
3	230	1.640
4	228	1.636
5	226	1.632
6	224	1.628
7	222	1.624
8	221	1.627
9	219	1.623
10	217	1.619
11	215	1.615
12	213	1.611
13	211	1.607
14	209	1.603
15	208	1.606
16	206	1.602
17	204	1.598
18	202	1.594
19	200	1.590
20	198	1.586
21	196	1.582
22	195	1.585
23	193	1.581
24	191	1.577
25	189	1.573
26	187	1.569
27	185	1.565





28	183	1.561
29	182	1.564
30	180	1.560
31	178	1.556
32	176	1.552
33	174	1.548
34	172	1.544
35	170	1.540
36	169	1.543
37	167	1.539
38	165	1.535
39	163	1.531
40	161	1.527
41	159	1.523
42	157	1.519
43	156	1.522
44	154	1.518
45	152	1.514
46	150	1.510
47	148	1.506
48	146	1.502
49	144	1.498
50	143	1.501
51	141	1.497
52	139	1.493
53	137	1.489
54	135	1.485
55	133	1.481
56	131	1.477
57	130	1.480
58	128	1.476
59	126	1.472
60	124	1.468
61	122	1.464
62	120	1.460
63	118	1.456





5) A referencia anual para o cálculo da xornada complementaria en Urxencias Hospitalarias e PAC para o ano 2014 debe ser 1458 horas e a mensual, por defecto, 133 horas.

Así mesmo, a referencia anual para o cálculo da xornada complementaria do persoal médico de urxencias hospitalarias para quenda fixa e/ou rotatoria simple debe ser 1.652 horas/ano e 150 horas/mes.

6) Esta instrución, ditada en aplicación do disposto na lexislación básica estatal, deixa sen efecto as instrucións emitidas con anterioridade por este centro directivo sobre a mesma materia, nomeadamente a instrución do 8 de abril de 2014.

A instrución segunda de data 29 de xullo de 2013, sobre flexibilización do goce das vacacións anuais regulamentarias, permanece vixente, ben que supeditada ao mantemento, por norma con rango de lei, de que o número de días do que os empregados públicos poidan gozar por asuntos particulares ao longo de cada ano fiquen reducido a cinco días.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2014.

A directora xeral de Recursos Humanos

Margarita Prado Vaamonde



